Documento distribuído por
culturagalega.org

# Un ramiño de bicos para María Victoria

Homenaxe do alumnado do CEP de Riomaior de Vilaboa a María Victoria.
Fonte: *Faro de Vigo* o 29 de novembro de 2005

**Consello da Cultura Galega**
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

HOMENAXE

# Un ramiño de bicos para María Victoria

Hoxe, 23 de novembro de 2005, como tódolos mércores, entrou a nosa mestra cos periódicos do día. Non traía boa cara e axiña descubrimos por que, María Victoria Moreno Vázquez acababa de deixarnos. De súpeto todos cambiamos de cara, buscámola noticia no xornal, lémola con atención e tristeza e, de seguido, baixamos á biblioteca onde estivera ela, non había moito tempo, contándonos cousas da súa vía, dos seus canciños e dos seus libros. Agora, como querendo facerlle unha homenaxe, puxémonos a ler algúns dos seus libros seguros de que a ela lle aledaría. Regresamos á nosa aula e creamos, coa ternura que ela sempre transmitía, este acróstico.

**M**aría Victoria Moreno
**A**nxo caído do ceo
**R**ematou a túa andaina
**I**maxinámoste nunca estrela
**A** que veremos sempre

**V**isitáchenos hai uns anos
**I**lusionáchesnos cos teus libros
**C**ariñosa e amable
**T**odos te lembraremos
**O** teu espírito enche a nosa biblioteca
**R**ecorre o noso corazón
**I**lumina a nosa mente
**A**garimanos o teu aroma

**M**arabillosa escritora
**O** teu idioma, o galego
**R**ecordamos algúns libros
**E** haberá tirón de orellas?
**N**ico e Miños
**O** cataventos...

**M**archaches paseniño
**A**miga e mestra querida
**R**especto e admiración por
**Q**uen non quixo e animou
**U**nha inmensa dor nos enche
**E**ste triste día
**Z**arpou un barco cara ó ceo

*Alumnos de 4º nivel de Primaria do CEP de Riomaior de Vilaboa*

V

Faro de Vigo
29 de Noviembre de 2005